

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Comezamos esta programación tendo en conta a implantación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación) neste 3º nivel e baseándonos nela e no novo marco legislativo, DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o Currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. A LOMLOE establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes.

Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e da comisión de coordinación pedagóxica.

Características do grupo-clase: - Curso: 3º Primaria. -

Número de grupos: 1. -

Número de alumn@s: 13

. - A lingua predominante no alumnado é o galego, factor favorable nesta materia que se imparte en galego.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 3º de EP (7 ou 8 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna. Nunha sociedade cada vez máis diversa e cambiante, é necesario promover novas formas de sentir, de pensar e de actuar, favorecedoras da inclusión do alumnado e acordes cun mundo máis xusto, solidario e sostible.

O devir do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implican que o alumnado teña que adoptar un coñecemento de si mesmo e do entorno que o rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación. Isto supón tamén, o recoñecemento da diversidade como riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica dos mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os dereitos do Neno e nos principios recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución, nos valores do europeísmo e no compromiso cívico e social.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrimos as paisaxes	Distintos tipos de paisaxes. Elementos naturais como relevo, vexetación, augas...	17	11	X		
2	Necesitamos a auga para vivir	Onde podemos atopar auga. Estados da auga. Importancia da auga para a vida das persoas.	17	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Somos sociedade	Respecto pola colectividade, empatía social, equidade e educación vial.	17	12		X	
4	A nosa CCAA: Galicia	Valor cultural e patrimonial de Galicia e as diferentes institucións. A organización do territorio. Elexiremos delegado/a	17	12		X	
5	Poboación e traballo	Os sectores económicos da sociedade e os movementos poboacionais. Estudo dos sectores primaria, secundario e terciario.	16	12			X
6	As pegadas do tempo	As formas de vida e manifestacións artísticas na Prehistoria e na Idade Antiga. Levarase a cabo unha visita ao castro de Viladonga, traballando previamente sobre hipóteses de como era a vida e para que servían as ferramentas do poboado.	16	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubrimos as paisaxes	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto	TI	50
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.

UD	Título da UD	Duración
2	Necesitamos a auga para vivir	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información a través de diferentes fontes	TI	50
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Respecta o patrimonio natural e cultura		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos

Contidos
- residuos. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos sociedade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas	PE	50
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	50
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Poñer en práctica estilos de vida sustentables amosando corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
4	A nosa CCAA: Galicia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.	PE	50
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar observacións e medicións e rexistralas correctamente	TI	50
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Organización política e territorial de Galicia.

Contidos

- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
5	Poboación e traballo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto	TI	50
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
6	As pegadas do tempo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	50
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar as migracións.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes. Buscaranse propostas e estratexias que activen ao alumnado e que promovan a curiosidade e a motivación neste.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado e do profesorado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa.

Buscaremos un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

.Todo isto debe basearse nos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libro de texto Santillana

Computador de aula e encerado dixital

Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)

Recursos do entorno: Parques, museos, exposicións, encoros, fabricas¿

Globo Terráqueo

Mapas e planisferio

Google Earth

Material de refugallo (cartóns, papeis...)

Libreoffice writer // Word

Impress // powerpoint

Kahoot

Libreta ou caderno

Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P...)

Vestixios histórico-artísticos

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

Neste campo dos recursos, cómpre salientar o uso das bibliotecas da aula e do colexio como centro de recursos de aprendizaxe ou centro de recursos de información.

Unha mención específica merece a utilización das TIC, usadas como fontes informativas (internet, dicionarios e

enciclopedias dixitais, webquest...), como facilitador do tratamento de datos, como recurso capaz de amosar modelos, como medio para a redacción de informes e para a comunicación de conclusións e información...

As TICS fan que determinados feitos, sucesos, problemas... sexan próximos ao alumnado, en canto que esa proximidade depende cada vez menos da distancia física e do espacio, abren unha fiestra ao mundo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial realizarase ao longo das dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais neste inicio de curso.

Para poder facer unha análise máis pormenorizada, teremos en conta a avaliación final do curso pasado e a inicial que levaremos a cabo.

Para a recollida da información inicial podemos empregar distintos tipos de instrumentos: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias o máis pronto que nos sexa posible.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No relativo á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre.

Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores e probas escritas.

Para cubrir as táboas de indicadores, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

En cada unidade didáctica faremos unha proba escrita na que se avaliarán un ou varios CA (segundo indicamos no apartado 2).

Este terceiro curso da EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carácter moi simple. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos, pero non comezaremos a cualificar con preguntas abertas de resposta libre ata o vindeiro curso.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación

Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe, feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Para as situacións en que algún dos contidos e CA non sexan adquiridos polo alumnado segundo indicacións das avaliacións, pode ser necesario retomar parte ou toda a unidade didáctica e traballala con outra metodoloxía.

As táboas de indicadores irán indicando como vai indo o proceso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Posto que o grupo é bastante heteroxéneo e atópanse diferentes ritmos de aprendizaxe, tomaranse diferentes medidas para atender de xeito adecuado á totalidade do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias.

Para atender esta diversidade, contamos cos principais referentes para a toma de medidas: Proxecto Educativo, o Plan de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial do noso centro.

As principais medidas de atención que levaremos a cabo serán:

1. Respecto á temporalización:

- Modificar o tempo previsto para a realización da tarefa, para a adquisición dun contido,...
- Acelerar / desacelerar a introdución de novos contidos.

2. Respecto á metodoloxía e as actividades:

- Establecer diferentes niveis de axuda dentro da aula. Empregar distintas técnicas instrucionais ou procedementos didácticos en función das dificultades.
- Diseñar actividades de aprendizaxe diferenciadas, con diferente grado de dificultade e profundización en función do nivel do alumnado, de reforzo, de ampliación, de sínteses,....
- Utilizar certas formas de traballo cooperativo a través de proxectos e talleres.
- Coidar moito que os alumnos comprendan a información que se lles proporciona; para iso a veces haberá que darlles instrucións individuais e incluso analizar pormenorizadamente con eles as diferentes partes que compoñen a tarefa, o que deben facer, que pasos deben seguir,...

3.- Respecto aos materiais:

- Adecuar os materiais escritos. Por exemplo elaborar resúmenes, esquemas, vocabulario previo, etc. que permitan ao alumnado acceder á comprensión dun tema.
- Utilizar unha gran variedade de recursos didácticos (fotografías, vídeos, diapositivas, ordenador,...) e non soamente o libro de texto.

4.- Respecto aos agrupamentos.

- Probar diferentes agrupamentos para as tarefas e para os alumnos/as.
- Favorecer o aprendizaxe entre iguais (conseguir a colaboración, grupos de traballo cooperativo,...).

5.- Respecto á avaliación.

- Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre criterios de avaliación e de cualificación.
- Avaliar os diferentes tipos de contidos, en relación ás actividades realizadas e con procedementos adecuados a eses contidos.
- Seleccionar instrumentos variados (observación, probas orais, escritas, tipo test, traballos individuais e en grupo, dar máis tempo para a realización de determinadas probas, valorar determinadas partes dos exercicios de avaliación en función dos contidos seleccionados, darlles a coñecer os resultados da avaliación ou corrección, autocorrección, coavaliación,...) adecuados ao que fixeron, ao que aprenderon e a como o aprenderon.
- Avaliar non só o produto final, senón o proceso de aprendizaxe.

6.- Respecto aos obxectivos e contidos.

- Priorizar certos obxectivos sobre outros en función das capacidades do alumnado prestando especial atención ao desenvolvemento das diversas capacidades e a adquisición das diferentes competencias básicas.
- Organizar e secuenciar os contidos de forma distinta. Dar máis tempo para a adquisición de determinados contidos e respectar os distintos ritmos e niveis de aprendizaxe.
- Para presentar os contidos, utilizar diferentes estratexias.
- Dar prioridade aos contidos máis funcionais que son necesarios para acceder a outros. Establecer plans de traballo

personalizado, para que traballando os mesmos contidos, non todos os alumnos teñan que facer o mesmo nin co mesmo nivel de dificultade.

7.- Estratexias para a mellora dos Hábitos de Traballo:

- Orientacións para a organización e xestión do tempo de estudo. Plan diario. Uso da AXENDA
- Control frecuente do traballo do alumno. Revisión e seguimento sistemático dos cadernos de clase
- Axuda para dividir as tarefas extensas e complexas en pequenas tarefas máis cortas e simples.

8.- Estratexias para mellorar a comprensión e retención de contidos:

- Anticipar contidos (que sei, que quero descubrir, que aprendín)
- Levar esquemas previamente preparados con algunhas lagoas de información que os alumnos deberán ir completando. Igual con textos
- Clarificación de conceptos esenciais
- Relacionar conceptos con outros xa aprendidos.

9.- Estratexias para a mellora da autonomía persoal e a socialización:

- Aumento da participación na clase dando pequenas responsabilidades
- Axustar o nivel de axuda ás necesidades e situacións
- Dar valor ás tentativas que os alumnos fan para resolver as tarefas.
- Organizar unha folia de rexistro coas dificultades e evolucións dos alumnos con dificultades
- Promover a toma de decisións de estes alumnos
- Reforzar os comportamentos ben feitos na clase
- Establecer na clase ambientes menos competitivos e máis colaborativos.
- Solicitar aos alumnos con máis problemas tarefas que de partida sabemos que saben facer.
- Fomentar a autoavaliación (ser conscientes da súa propia evolución e progreso nas aprendizaxes novas).

10.- Estratexias para mellorar a atención.

- Sentar ao alumno/a nunha zona con poucos distractores e de maneira que consigan visualizar a encerado sen necesidade de realizar axustes motores continuos
- Que non teñan na mesa nada que non necesiten en eses momentos.
- Axudar a que organicen as tarefas de forma estruturada. Establecer regras claras e cumprilas
- Facer preguntas. Sacalo ao encerado
- Variar o ton de voz
- Usar e reclamar o contacto visual
- Explicar a finalidade e relevancia da tarefa, individualmente si fora necesario
- Organizar a aula de maneira que se formen pequenos grupos ou parellas que axuden a manter a atención. Tamén hai que destacar que cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - Comprensión oral y escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X	X		
ET.10 - ET.10 - Desenvolvemento sustentable		X	X	X		
ET.11 - ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivosexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X
ET.15 - ET.15 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.16 - ET.16 - Autoestima, autonomía, reflexión e responsabilidade	X	X	X	X	X	X
ET.17 - ET.17 - Liberdade, xustiza e igualdade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas.

Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Pena de Alde	Arte rupestre no concello da Baña, para motivar os alumnos de cara á unidade didáctica número 6			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas seguridade vial	Charlas informativas sobre seguridade vial ofrecidas pola Policía Local.		X	
Proxecto : A cultura castrexa	Proxecto relacionado cos castros tratando o Castro da Baña	X	X	X

Observacións:

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consegiuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse todos os recursos dos que dispón o centro?
Aproveitáronse todos os recursos que nos ofrece a contorna?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE
Clima de traballo na aula
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ás familias dos resultados obtidos nas distintas probas?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente.

O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unha das características principais da programación é a súa capacidade de ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, tomando as medidas necesarias nese mesmo momento e tendo en consideración as variacións levadas a cabo na execución das demais unidades didácticas.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Por outra banda, é importante que un dos aspectos a tratar durante as reunións do equipo do 2º ciclo, sexa o propio seguimento das Programacións Didácticas.

No caso de atopar algunha dificultade específica, así sexa por parte do grupo clase ou dalgún alumno ou alumna en concreto, o equipo docente, co apoio do equipo de orientación e do equipo directivo, levará a cabo as medidas máis axeitadas.

9. Outros apartados